

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/016

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: 39-03-ID25			
Título: VISIBILIZAR VOCES, CONSTRUIR RESISTENCIAS. DIMENSIONES, NARRATIVAS, EXPERIENCIAS, RECONOCIMIENTO Y SOSTENIBILIDAD DE LA PODCASTESFERA FEMINISTA ESPAÑOLA DESDE UNA PERSPECTIVA INTERSECCIONAL-VIVRA			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Estudos de comunicación, novas tecnoloxías e xénero			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 01/01/2025	FIN: 31/12/2026
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Ciencias da Comunicación			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Semipresencial na Facultade de Ciencias da Comunicación; horario de mañá			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo III			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a ☐		Axudante de apoio á investigación X	
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐	
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir		Axudante administrativo/a ☐	
Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir			
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: X	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/03/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido x		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 882,14€*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.25.12.71			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Bacharelato, BUP, FPII, Ciclo formativo superior
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN: Teresa Piñeiro Otero (TIT-UN, Presidenta), Laura G. Castro Souto (TIT-UN, Vogal), Javier Odriozola Chéné (AXUDR-LOSU, Secretario)./// Ana González Neira (TIT-UN, Suplente), Patricia Comesaña Comesaña (AXU-DR, Vogal), Carlota Fiaño Salinas (Investigadora asociada).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae con xustificantes dos méritos aos que se fai referencia na memoria da convocatoria de contratación.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunto/a de Comunicación - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Teresa Piñeiro Otero	Asinado	27/01/2026 11:36:26
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2026

A INVESTIGADORA PRINCIPAL

Asdo.: Teresa Piñeiro Otero

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae con xustificantes dos méritos aos que se fai referencia na memoria da convocatoria de contratación.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunto/a de Comunicación - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Teresa Piñeiro Otero	Asinado	27/01/2026 11:36:26
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS

As tarefas a desenvolver inclúen o apoio á creación e xestión de bases de datos (sobre pódcasts e podcasters), así como o apoio na análise de datos cuantitativa e cualitativa. Ademais, levaranse a cabo apoio en labores relacionadas coa visualización de datos (gráficas, infografías e deseños básicos para contidos académicos e divulgativos en diferentes soportes).

FORMACIÓN (máximo 2 puntos)

Ata 1 punto polo expediente académico correspondente a bacharelato ou formación profesional, sempre que pertenza a itinerarios afíns ao perfil do posto. Consideraranse afíns os bacharelatos de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais, ou equivalentes en BUP, así como os ciclos formativos de grao superior, ou tos equivalentes de FP II, das familias profesionais de Administración e Xestión e de Informática e Comunicacions, e os títulos de Técnico Superior en Promoción de Igualdade de Xénero, Técnico Superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia e Técnico Superior en Márketing e Publicidade.

A puntuación asignarase en función da nota media do expediente académico, conforme aos seguintes tramos:

- **Ata 0,25 puntos** por nota media de 5,00 a 6,49
- **Ata 0,50 puntos** por nota media de 6,50 a 7,49
- **Ata 0,75 puntos** por nota media de 7,50 a 8,49
- **Ata 1 punto** por nota media igual ou superior a 8,50

Só se computará a titulación de maior nivel presentada pola persoa candidata.

Ata 1 punto. Por ter cursado materias pertencentes a plans de estudo oficiais universitarios, cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS ou equivalente, directamente relacionadas co proxecto, tales como Programación I e II, Estatística, Algoritmos, Sistemas Intelixentes, Estatística Aplicada ás Ciencias Sociais, Análise multivariante de datos sociais, Metodoloxía da investigación por enquisas, Estudo da audiencia, Técnicas Cualitativas para el Análisis de los Discursos y las Realidades Sociales, Deseño aplicado, así como por formacións equivalentes de Ciclo Formativo de Grao Superior, cando se acredite unha carga lectiva e uns contidos comparables e sempre que non se presenten a valoración noutro apartado da convocatoria.

Asignarase 0,25 puntos por cada materia superada de 6 ECTS ou equivalente, asignándose unha puntuación proporcional no caso de cargas lectivas inferiores.

PREMIOS (máximo 0,5 puntos)

Valorarase a obtención de premios e/ou bolsas (en réxime de concorrencia competitiva), relacionados co ámbito académico, profesional ou social e vinculados ás tarefas do posto, sempre que estean debidamente acreditados mediante resolución, certificación ou documentación oficial equivalente na que consten a entidade convocante e o carácter competitivo.

A puntuación asignarase conforme aos seguintes criterios:

- **Ata 0,50 puntos** por premios ou bolsas competitivas de ámbito internacional.
- **Ata 0,35 puntos** por premios ou bolsas competitivas de ámbito estatal.
- **Ata 0,25 puntos** por premios ou bolsas competitivas de ámbito autonómico ou provincial.
- **Ata 0,15 puntos** por premios ou bolsas competitivas de ámbito local.

No caso de premios ou bolsas convocados por universidades, centros educativos ou entidades privadas, a puntuación aplicarase atendendo igualmente ao ámbito territorial da convocatoria.

No suposto de premios ou bolsas obtidos por proxectos ou traballos de carácter colectivo, a puntuación correspondente prorratearase en función do número de persoas premiadas ou beneficiarias que figuren na documentación acreditativa.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae con xustificantes dos méritos aos que se fai referencia na memoria da convocatoria de contratación.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunto/a de Comunicación - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Teresa Piñeiro Otero	Asinado	27/01/2026 11:36:26
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



CURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (máximo 3 puntos)

Valorarase a formación específica acreditada mediante certificados oficiais ou documentación equivalente expedida pola entidade formadora, na que consten de maneira expresa o número de horas e contidos.

- **Ata 1,5 puntos.** Pola formación en técnicas de análise cuantitativa e/ou cualitativa, incluíndo metodoloxías de investigación, tratamento e xestión de datos, así como o manexo de ferramentas e software vinculadas (entre outros, Excel/Google Sheets, Access/Airtable, SPSS, R, Python, NVivo, Atlas.ti, MAXQDA... valor: 0,20 puntos por cada 10 horas).
- **Ata 1,5 puntos.** Formación vinculada con xénero ou feminismo, incluíndo igualdade, perspectiva de xénero e feminismos, metodoloxías feministas, comunicación e xénero, interseccionalidade, e ámbitos afíns relacionados coa temática do proxecto (valorarase con 0,20 puntos por cada 10 horas).

No caso do módulo de igualdade que habitualmente se incorpora en determinados cursos ocupacionais ou accións formativas, este computarase unha única vez, aínda que figure en máis dunha actividade.

EXPERIENCIA PREVIA (máximo 2,5 puntos)

Valorarase a **Experiencia Profesional** en postos, funcións ou tarefas directamente relacionadas coas propias da praza. A puntuación asignarase conforme ao seguinte baremo:

- **Ata 1 punto** por cada ano completo de actividade a tempo completo.
- **Ata 0,5 puntos** por cada ano completo de actividade a tempo parcial.

Os períodos inferiores ao ano prorrataranse proporcionalmente en ambos casos.

Para efectos deste apartado, ademais da experiencia laboral, poderán valorarse prácticas externas, bolsas e contratos de colaboración ou investigación, sempre que se acredite documentalmente a realización efectiva de tarefas relacionadas co posto, así como a duración e, se procede, a dedicación.

Incompatibilidade de valoración: unha mesma bolsa non poderá ser valorada simultaneamente neste apartado e no apartado de "Premios e bolsas competitivas". Se se presenta para ambos apartados, a persoa candidata deberá indicar expresamente en cal desexa que se valore; de non facelo, a Comisión aplicará de oficio a valoración no apartado de maior puntuación.

Portafolio ata 0,5 puntos. Valorarase a presentación dun **portafolio de traballos** realizados pola persoa candidata, de maneira individual ou en equipo, relacionados co obxecto do proxecto e, en particular, con feminismo, perspectiva de xénero e/ou enfoque interseccional, sempre que resulten acreditables e verificables mediante ligazón web, repositorio, documento, material anexado e/ou certificado de participación.

Poderán considerarse, entre outros, bases de datos ou recursos estruturados, informes, análises, pezas de visualización de datos (gráficas, infografías, dashboards), contidos dixitais documentados e proxectos relacionados co proxecto (pódcast) ou as tarefas do posto.

A puntuación asignarase conforme ao seguinte criterio obxectivo:

- **0,15 puntos** pola achega de 1 evidencia verificable.
- **0,30 puntos** pola achega de 2 evidencias verificables.
- **0,50 puntos** pola achega de 3 ou máis evidencias verificables.

No caso de evidencias elaboradas en equipo, a puntuación atribuíble a cada evidencia repartirase proporcionalmente entre as persoas participantes que consten acreditadas no resultado presentado, aplicando a fórmula: puntuación da evidencia / número de participantes. As evidencias achegadas deberán ser suficientemente claras e verificables para identificar o traballo presentado e, cando proceda, acreditar a participación efectiva da persoa candidata no mesmo. O portafolio non substitúe a experiencia profesional e será valorado de forma independente do apartado de experiencia.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae con xustificantes dos méritos aos que se fai referencia na memoria da convocatoria de contratación.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunto/a de Comunicación - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Teresa Piñeiro Otero	Asinado	27/01/2026 11:36:26
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ENTREVISTA (máximo 2 puntos)

Entrevista persoal coas persoas candidatas. A comisión convocará á entrevista unicamente ás cinco persoas candidatas mellor valoradas segundo a puntuación obtida no apartado de méritos. No caso de empate na quinta posición, poderán convocarse tamén á entrevista todas as candidaturas empatadas nesa posición.

LISTA DE ESPERA

A lista de espera constituirase coas persoas candidatas que acaden unha puntuación mínima de 2 puntos na fase de valoración de méritos, sen ter en conta, no seu caso, a puntuación obtida na entrevista persoal.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae con xustificantes dos méritos aos que se fai referencia na memoria da convocatoria de contratación.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunto/a de Comunicación - Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte - María Teresa Piñeiro Otero	Asinado	27/01/2026 11:36:26
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QojbdBoBhefk3o85HKnBUQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

